



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAXAMONDE  
9 DE XULLO DE 2014

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación das actas anteriores**
- 2.- Investimentos dos orzamentos participativos 2014**
- 3.- Realización do muro Camiño Albarroz**
- 4.- Reforzo alumado no Alto dos Valos**
- 5.- Rotonda Alto dos Valos**
- 6.- Varios**

No Centro Cultural Chan das Pipas de Saxamonde, sendo as vinte horas e trinta minutos do día nove de xullo de dous mil catorce, logo da convocatoria, reuníronse os seguintes membros :

REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

PSOE .- Olga Rodríguez Puga  
AER .- Luísa Cayetano Rodríguez  
BNG .- Xoán Carlos González Campo

REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS

Ramón Lago Figueroa

REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS

Eva Pereira Moldes  
Ana Belén Mariño Alfonso

REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DE MONTES

Arturo Piñeiro Bastos  
Félix Vila Alonso  
Óscar Manuel Corugeira Rodríguez

REPRESENTANTES DA ASOCIACIÓN DE MULLERES (ARELA)

Rosa Freaza Lago  
María Luz Viñas Otero

REPRESENTANTES DAS COMUNIDADES DE AUGAS

Victoria Otero Otero  
Jorge Domínguez Balado  
Marcos Carballido Rivas  
Guadalupe Martínez Crespo

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque,



## CONCELLO DE REDONDELA

coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Saxamonde convocada para o día de hoxe.

### **1.- Aprobación das actas anteriores**

Luisa Cayetano Rodríguez indica que no parágrafo de varios onde figura recollido:

Luisa Cayetano Rodríguez propón que os veciños da parroquia poidan asistir aos consellos parroquiais con voz e voto...

Debe figurar:

Luisa Cayetano Rodríguez propón que os veciños da parroquia poidan asistir aos consellos parroquiais con voz e sen voto...

Feita esta corrección a acta queda aprobada pola maioría das/os membros presentes coa abstención de Eva Pereira Moldes, Ana Belén Mariño Alfonso, Arturo Piñeiro Bastos e Jorge Domínguez Balado por non teren asistido á xuntanza.

### **2.- Investimentos dos orzamentos participativos 2014**

Félix Vila Alonso di que houbo unha xuntanza coa veciñanza e faláron das seguintes necesidades:

1.- No Camiño da Besada hai que facer as cunetas dende a vía ata a fonte de San Román, xa que neste camiño hai veciños aos que lle entra auga nas vivendas.

O Presidente di que para facer as cunetas algúns veciños terían que ceder terreo e se necesitaría un proxecto.

Arturo Piñeiro Bastos di que o que a veciñanza pretende é que se arranxe un pouco a situación, non se trata de facer unha obra enorme, senon de buscar unha solución sinxela.

O Presidente di que cando se fai unha obra hai que facela en condicións e ao arranxar o camiño debería meterse unha canalización en condicións e non facer unha obra que logo haxa que desfacer.

Luisa Cayetano Rodríguez di que este tipo de obra non debería ser con cargo aos orzamentos participativos, xa que os participativos deberían estar para arranxar situacións concretas e non obras de moita importancia.

2.- O Camiño do Pazo necesita alumeado e unha marquesiña.



## CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente di que se meteu un cable novo e reforzouse ata a parada do autobús. Esta zona tamén necesita un proxecto de alumeado.

3.- Na escola vella necesítase un punto de luz e un acceso para persoas con cadeira de rodas.

Xoan Carlos González Campo di que esta obra non debería ir nos participativos, xa que hai unha partida no orzamento municipal para eliminación de barreiras arquitectónicas.

O Presidente informa que esta obra xa está contemplada dende o Concello.

4.- A marquesiña que se colocou cos anteriores participativos non está no lugar que se pedira.

Ana Belén Mariño Alfonso di que falou co Presidente do Consello Parroquial para a súa ubicación e se puxo noutro lugar.

O Presidente informa que ao non quedar clara a ubicación guiouse polas paradas fixadas pola Consellería de Educación.

Arturo Piñeiro Bastos di que se a marquesiña se colocou nun lugar no que non hai nenos debería cambiarse.

Ana Belén Mariño Alfonso di que no lugar onde está hai nenos, pero que se debería colocar unha marquesiña no lugar que se indicou o ano pasado.

Arturo Piñeiro Bastos propón que se coloque outra marquesiña nas inmediacións do Camiño Romano co cruce do Camiño do Souto.

5.- Colocación de alumeado na baixada do camiño de Padrón.

Arturo Piñeiro Bastos di que nas primeiras casas non hai luz e se necesitaría instalar uns puntos.

O Presidente di que esa zona non se arranxa con par de puntos fai falta tamén un proxecto de alumeado en condicións. Se só colocas un par de puntos cando saes dese punto de luz xa non se ve nada e non se consegue iluminar a zona.

6.- Colocación de panel informativo.

Xoan Carlos González Campo di que este panel non debería ir polos participativos e solicitou a súa colocación por escrito.

O Presidente di que é moito máis rápido se se solicita a través dos participativos, porque senon hai que esperar a que o Concello solicite un grupo



## CONCELLO DE REDONDELA

deles para distribuír entre todas as parroquias, xa que non se compra un en concreto.

### 7.- Colocación de valado no Camiño Albarroz.

O Presidente di que no seguinte punto informará da realización do muro no Camiño Albarroz, pero que sería importante a colocación de valado para a seguridade dos nenos no camiño ao colexio.

Victoria Otero Otero di que ese camiño necesita un arranxo importante para solucionar o problema da seguridade.

Jorge Domínguez Balado di que é moi perigosa a zona da curva e do muro.

Luisa Cayetano Rodríguez di que ao ser unha obra de seguridade non debería ir tampouco polos participativos, senon que o Concello debería facerse cargo da obra, xa que hai unha lexislación que obriga a manter a seguridade viaria.

O Presidente di que xa se meteron varios valados solicitados pola veciñanza a través dos participativos para colocalos máis rapidamente.

Arturo Piñeiro Bastos di que esta non é unha obra solicitada pola veciñanza, senon que é o Concello o que fai a proposta.

O Presidente di que así a obra do Camiño Albarroz quedaría completa, pero que o solicitala a través dos participativos depende da veciñanza.

### 8.- Colocación de espello no Camiño Romano pasando o Corisco na primeira curva.

O Presidente informa que se pedirá un informa á Policía Local e se da a conformidade pódese por.

Jorge Domínguez Balado di que se a veciñanza establecerá unha orde de preferencia das obras despois de coñecer a valoración económica de cada unha delas.

Olga Rodríguez Puga di que o ano pasado elaborouse unha lista coas peticións e se acordara celebrar un Consello Parroquial para establecer as prioridades e non se fixo.

O Presidente informa que non deu tempo.

Arturo Piñeiro Bastos propón que o Concello faga a valoración económica das seguintes obras:

- Cunetas no Camiño da Besada



## CONCELLO DE REDONDELA

- Marquesiña nas inmediacións do Camiño Romano co cruce do Camiño do Souto
- Alumeado no Camiño de Padrón
- Panel informativo
- Varandas no Camiño de Albarroz
- Espello no Camiño Romano

Comunicará aos colectivos a través do correo electrónico para que estes se reúnan e establezan a orde de prioridade. A orde de prioridade enviarase por correo electrónico ao Concello. Se non se ten noticia das valoracións económicas, convocarase un Consello Parroquial na primeira quincena de setembro.

A proposta é aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

### **3.- Realización do muro Camiño Albarroz**

O Presidente informa que na zona da curva este muro presenta unha grande perigosidade podendo caír un autobús ou calquera vehículo. O proxecto feito por técnico acada un importe de 20.906,81 euros. Nesta obra tamén se inclúe a retirada dun poste de Fenosa e outro de Telefónica.

Luisa Cayetano Rodríguez di que na súa vivenda particular lle cambiaron un poste de Telefónica e non lle cobraron nada.

O Presidente informa que ao Concello cando solicita un cambio ou unha retirada lle pasan unha minuta polas obras.

Arturo Piñeiro Bastos pregunta quen licita a obra do muro, xa que é da Deputación.

O Presidente informa que se trata dunha subvención que concede a Deputación ao Concello de Redondela, e éste é o encargado de licitala.

Arturo Piñeiro Bastos tamén pregunta se a obra se fai por iniciativa do Concello ou por solicitude dalgún veciño.

O Presidente informa que cando se asfaltou o Camiño xa se observou a necesidade do arranxo e tamén existen peticións da veciñanza.

Jorge Domínguez Balado di que había un muro vello e coas obras do asfaltado éste quedou nunhas condicións moi malas con perigo de derrube, polo que presentou unha instancia no Concello indicando a situación e advertindo que a responsabilidade sería do propio Concello no caso de que ocorrira algún accidente. Se van vir máquinas poderíase raspar un pouco a cuneta para que a estrada quedara limpa.



CONCELLO DE REDONDELA

#### **4.- Reforzo alumeado no Alto dos Valos**

O Presidente informa que se reforzou o alumeado ata o Camiño do Pazo, pero na Estrada de Vilar ata a última vivenda as luces están alumbrando na maleza, polo que se tería que por uns báculos na estrada para colocar as luces, para conseguir que dean luz na estrada e non na maleza.

Xoan Carlos González Campo di que habería que solicitar a mellora da seguridade viaria de toda a zona coa colocación de beirarrúas e alumeado.

O Presidente di que o que se pode ir facendo e solucionar este problema de alumeado, xa que as beirarrúas hai que solicitálas a Fomento e deberían colocarse dende Mañó ata o Alto dos Valos.

Rosa Freaza Lago informa que pediu unha bombilla para o Camiño do Souto hai meses e segue sen colocar.

O Presidente di que se chama ao teléfono do Concello 986 400 300 tómanlle nota. Ésta sae para vías e obras ao día seguinte.

#### **5.- Rotonda Alto dos Valos**

O Presidente informa que a rotonda foi solicitada polo Alcalde dentro dun paquete de medidas que foi entregado en Madrid. Nestes días estivo tratando o tema nunha xuntanza con Fomento, pois se trata dun asunto do que o propio Alcalde está pendente continuamente debido á súa importancia.

Xoan Carlos González Campo di que o BNG fixo unha proposta para que se enviara aos membros do Consello Parroquial. O Partido Popular envía dosieres, e parece que con iso xa ten feito o traballo. Para o BNG este é o punto máis negro en relación coa seguridade viaria, polo que plantexan que se cree unha partida nos orzamentos xerais do Estado para construír esta rotonda. O PSOE dende que está na oposición sumouse a esta proposta. O que propón o BNG é que se leve esta moción ao Pleno do Concello para o seu debate, xa que a través do regulamento se poden facer propostas ao Pleno por parte da veciñanza, polo que esta moción debería ser presentada por unha/un representante veciñal.

O Presidente di que tal como está redactado o texto parece que o goberno municipal non fixo nada durante estes tres anos. O Alcalde mantivo unha xuntanza estes días para tratar o tema. O goberno municipal ten proxectos e loita para sacalos adiante, sendo este un dos de máis importancia.



## CONCELLO DE REDONDELA

Arturo Piñeiro Bastos di que houbo unha xuntanza coa veciñanza e propuxeron engadir estas dúas demandas:

- 1.- Demandar de todos os grupos políticos que leven a moción ao Consello Parroquial de Vilar de Infesta e que tamén se debería levar ao de Quintela.
- 2.- Demandar dos grupos políticos a presentación desta moción nos Concellos de Pazos de Borbén e de Mos, xa que tamén son afectados e para así sumar forzas na petición a Fomento.

Luisa Cayetano Rodríguez manifesta que tería máis peso se a solicitude a fan tres concellos en lugar de un só.

Félix Vila Alonso di que non se debe malinterpretar a moción que só se trata de intentar aunar esforzos e apoiar ao Alcalde nas xestións que realice, porque conta co respaldo do Consello Parroquial e da veciñanza.

Olga Rodríguez Puga di que xa se debatira o tema de levar o texto ao Pleno no anterior Consello Parroquial e o que hai que facer é aprobar o texto.

As/os membros do Consello Parroquial acordan por unanimidade das/os seus membros aprobar o texto da moción presentada polo BNG cos seguintes cambios:

- 1.- Substituír a palabra iniciar por axilizar no segundo punto dos acordos.
- 2.- Incluír as dúas propostas demandas da veciñanza.

Deste xeito o texto quedaría redactado do xeito seguinte:

### MOCIÓN DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAXAMONDE PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ROTONDA NO ALTO DOS VALOS

O denominado cruzamento de estradas N-550 e EP 2906, nos límites entre os concellos de Redondela, Pazos de Borbén e Mos, no Alto dos Valos, tense convertido nun dos puntos negros da rede viaria da provincia. Cunha intensidade media diaria que supera os 9.000 vehículos, as incorporacións ou cruzamentos que se realizan ao longo do día convértense en maniobras que poñen en risco a seguridade de condutores/as, e mesmo peóns. A instalación dun límite de velocidade de 50km/h, xunto a un radar, supón unha medida que só en parte mitiga esta situación de perigosidade.

A perigosidade deste cruzamento non só se debe á confluencia de varias estradas de alta densidade. Ademais existe un importante número de vehículos pesados que a cotío atravesan o Alto dos Valos para circular en sentido Pontevedra, ou en sentido O Porriño/norte de Portugal.

Cómpre ter en conta que neste punto ubícase un importante núcleo de poboación limítrofe entre os concellos de Redondela e Mos. Unhas trinta vivendas en menos de 200m. Diariamente os veciños e veciñas do Alto dos



## CONCELLO DE REDONDELA

Valos, teñen que soportar o paso de máis de 9.000 vehículos dos que algo máis de 1.100 son camións de alto tonelaxe.

cantidade de tráfico, vendo alterada a súa calidade de vida.

As competencias sobre a estrada nacional recaen no ministerio de Fomento. As competencias sobre a provincial, na Deputación de Pontevedra. Coñecedores de que varias forzas políticas teñen presentado iniciativas nos orzamentos do estado en diversos exercizos.

Despois de décadas vendo deteriorada a súa calidade de vida, os veciños e veciñas da zoa seguen soportando esta situación, agravada nos últimos anos por un aumento na intensidade de tráfico. Cómpre xa que se poñan medidas enriba da mesa para solventar esta problemática de seguridade viaria do concello de Redondela.

Dende o consello parroquial de Saxamonde consideramos como máis viábel para a solución do problema da seguridade viaria no Alto dos Valos a construción dunha rotonda.

O acordo entre os diversos colectivos e forzas políticas prantéxase como necesario para poder acadar o obxectivo de eliminar este punto negro da rede viaria. Do mesmo xeito, o concello debe presionar a Fomento e Deputación para que negocien a construción da debandita rotonda.

Por todo isto o Consello Parroquial de Saxamonde, acorda:

1. Demandar de todos os grupos políticos que poñan en marcha as xestións pertinentes para solicitar unha partida nos vindeiros Orzamentos Xerais do Estado, para a construción dunha rotonda no Alto dos Valos.
2. Demandar do goberno municipal, que axilice as xestións pertinentes para que o Ministerio de Fomento e a Deputación de Pontevedra, cheguen a un acordo para a construción dunha rotonda no Alto dos Valos, e as conseguíntes melloras na seguridade viaria na estrada.
3. Debater esta demanda do Consello Parroquial de Saxamonde, na sesión plenaria correspondente.
4. Demandar de todos os grupos políticos que leven a moción ao Consello Parroquial de Vilar de Infesta e que tamén se debería levar ao de Quintela.
5. Demandar dos grupos políticos a presentación desta moción nos Concellos de Pazos de Borbén e de Mos, xa que tamén son afectados e para así sumar forzas na petición a Fomento.

As/os membros presentes acordan, por unanimidade, designar a Arturo Piñeiro Bastos como representante da veciñanza para ler a moción no Pleno do Concello.

### **6.- Varios**

Arturo Piñeiro Bastos di que nas xuntanzas coa veciñanza tratáronse os seguintes asuntos para a súa presentación no Consello Parroquial:





## CONCELLO DE REDONDELA

1.- Preguntar sobre a situación do saneamento dos Valos.

O Presidente informa que se está intentando facer este ano o proxecto para incluílo nos orzamentos do ano que ven, xa que os deste ano están pechados.

Félix Vila Alonso di que esa foi a mesma resposta que se deu o ano pasado.

O Presidente informa que para este ano en Saxamonde está contemplado e en fase de contratación o saneamento do Camiño Romano.

Ana Belén Mariño Alfonso solicita que se comprobe se todas as vivendas da zona quedan conectadas ao saneamento, porque parece que algunha queda fóra entre as que se atopa a súa propia.

O Presidente di que verá o proxecto e comprobará a situación.

Félix Vila Alonso di que na estrada da vía vella hai catro vivendas sen saneamento que verten á cuneta.

O Presidente di que polo de agora non hai proxecto para saneamento alí e que non poden verter á cuneta terán que por fosas sépticas.

2.- Reparar a senda da auga que en zonas non ten cunetas nin pasos para as augas. Na zona onde están as mimosas habería que cortalas e botaqr un pouco de aglomerado.

O Presidente di que se podería meter un tubo para recoller as augas.

3.- Instar ao Concello para que inicie a xestión coas empresas de telefonía e poder ter un acceso a internet cun mínimo de velocidade.

Ana Belén Mariño Alfonso pide que se cambie a entrada do Centro Cultural debido á perigosidade que presenta para as/os nenas/os, xa que a estrada separa o parque do campo de fútbol. A mellor solución parece ser facer unha entrada pola parte de abaixo.

O Presidente informa que ese terreo é da Comunidade de Montes e os tamos da senda da auga non se poden asfaltar.

Arturo Piñeiro Bastos di que esta opción hai tempo que se barallaba entre a veciñanza, así como cambiar os vestiarios de lugar, pero co tempo se fixo a senda da auga. A xunta rectora da Comunidade de Montes non considera oportuno o asfaltado, pero vaise levar o asunto á asemblea xeral para que decida a veciñanza. A opción que se contempla é a de facer badéns, pedindo o material ao Concello e facendo a obra a Comunidade de Montes.



## CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente informa que xa se tratou o asunto e así non se pode facer, porque o Concello non pode pagar material para facer obras nunha propiedade privada, pero poderíase solicitar o material a través da Deputación.

Arturo Piñeiro Bastos solicita que o Concellio xestione a petición de materiais á Deputación.

Luisa Cayetano Rodríguez di que en lugar de asfaltar poderíase aplanar a zona e ancheala.

Xoan Carlos González Campo di que hai rapaces que quedaron fóra das ludotecas e solicita que se amplíen o número de prazas para non deixar nenos/os sen o servizo.

Ana Belén Mariño Alfonso e Olga Rodríguez Puga solicitan tamén que se amplíe o número de prazas.

Ana Belén Mariño Alfonso solicita que onde para o lugar onde se pediu a marquesiña se poña unha base para o contedor, que sempre está volcado e provoca que algunhas/úns veciñas/os depositen o lixo na estrada, que moitas veces está esparcida debido a que os animais abren as bolsas.

Xoan Carlos González Campo solicita que se marquen as vías de seguridade como os pasos de peóns.

O Presidente informa que xa está solicitado á Deputación.

Ana Belén Mariño Alfonso di que na acta anterior pon que se convoquen as xuntanzas do Consello Parroquial con quince días, pero a intención era que fóra un mes. Todas/os as/os membros presentes do Consello Parroquial acordan que as xuntanzas ordinarias se convoquen cun mes de antelación.

E non habendo máis temas na orde do día, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que coma Secretaria do Consello DOU FE.